



O Correlingua é unha actividade que se celebra de xeito regular **desde o curso 2000-2001**, consistente en diferentes carreiras que se celebran en 15 vilas de Galiza, e na que **se prevé unha participación de 45.000** rapaces e rapazas procedentes de **400 centros** educativos de todo o País.

O programa de actividades que se desenvolverá o 9 de maio será o seguinte:

- 10:30 Recepción dos colexios no Parque do Carballiño.
- 11:00 Saída da carreira/paseo polas rúas do Carballiño. Circuito pechado ao tráfico rodado.
  - **Saída:** Avda. do Parque, R. Calvo Sotelo, R. Mosquera, R. Rosalía de Castro, R. Curros Enríquez, R. de Lamas, e **chegada** á Praza Vermella.
- 11:30 **Na praza do Concello:** (Alumnado de Ed. Infantil e 1º Ciclo de EP).
  - Lectura de manifesto gañador (adaptado)
  - Lectura de gañadores do concurso de cartaces da CENDL do Carballiño.
  - Espectáculo de títeres, duración de 50 minutos.
- 11:30 **Na praza vermella:**
  - Recepción dos participantes. (Visionado dos traballos do alumnado participante no Correlingua).
  - **Lectura do manifesto** gañador a cargo de Laura “Maret”. “En galego sempre somos” grupo “Palabra de lebre” do IES Agra de Leborís ( A Laracha).
  - Lectura dos **gañadores no concurso de adhesivos** do Concello do Carballiño.
  - Lectura dos **gañadores no concurso de cartaces** para fomento do emprego do galego da CENDL da comarca do Carballiño.
  - **Espectáculo de maxia** a cargo de Martín Camiña.
  - Actuación dun dos **gañadores do cantalingua:**
    - **Som do Galpom:** “Antes de pequeno”.